

I Premio “Redondela investigada”

Premio de investigación en Ciencias Sociais para estudantes de ensino secundario

1. O premio “Redondela investigada*” ten como obxectivo promover o estudo e coñecemento sobre o conxunto do concello de Redondela e alentar o espírito investigador e científico do alumnado de secundaria.
2. Poden participar neste certame todo o alumnado matriculado nalgún dos centros de ensino secundario do Concello de Redondela (ESO e Bacharelato).
3. Os traballos serán orixinais, inéditos e froito da investigación escritos en lingua galega. Os traballos presentados teñen que abordar investigacións referentes a Redondela desde o punto de vista das Ciencias Sociais (Historia, Xeografía, Arqueoloxía, Antropoloxía, Socioloxía etc.) a elección do alumnado participante.
4. Os traballos poderán ser presentados en dous formatos: podcast e escrito. A extensión do traballo variará segundo a modalidade. En todo caso, para os traballos escritos, utilizarase unha fonte de tamaño 12 e 1,5 de entreliñado. Fotografías, gráficas etc figurarán nun anexo ao final do traballo. Para os traballos en formato podcast, entregaranse os arquivos en mp3 ou mp4.
5. Os traballos poderán ser individuais ou colectivos, cun máximo de catro persoas participantes por cada un deles. Non poderán integrar o grupo estudantes pertencentes a diferentes modalidades do certame.
5. Todos os traballos terán que citar as fontes utilizadas, sexan estas primarias ou secundarias, empregando algún dos formatos vixentes . Habendo moitos estilos de citas, aconsellamos a guía da APA, que se pode consultar neste [enlace](#). En todo caso, a correcta citación das referencias bibliográficas, web etc valorarase positivamente. Nos traballos de podcast, incluírase un apartado no final do audio para as referencias.
6. O prazo de entrega **remata o día 15 de maio**. Os traballos entregaranse en formato dixital no correo **redondelainvestigada@gmail.com** como documento anexo. Noutro documento pdf anexo, co título do traballo, deberá constar o nome das persoas autoras do traballo así como do centro de ensino e o curso no que estean matriculadas.

6. O concurso conta con tres modalidades divididas en niveis educativos onde se poderán entregar traballos en calquera dos dous formatos.

Modalidade Penlas. 1º e 2º da ESO.

Traballo escritos entre 1.500 e 3.000 palabras (anexos non incluídos)

Podcast entre 5 e 10 minutos

Modalidade Burras. 3º e 4º da ESO

Traballo escritos entre 2.500 e 5.000 palabras (anexos non incluídos)

Podcast entre 7 e 12 minutos

Modalidade Coca 1º e 2º de Bacharelato

Traballo escrito entre 3.000 e 7.000 palabras (anexos non incluídos)

Podcast entre 10 e 15 minutos

7. Premios

Modalidade Penlas. Os dous formatos

1º Premio. Vale de XXX € para gastar no comercio local + Diploma

2º Premio. Vale de XX € para gastar no comercio local + Diploma

Modalidade Burras. Os dous formatos

1º Premio. Vale de XXX € para gastar no comercio local + Diploma

2º Premio. Vale de XX € para gastar no comercio local + Diploma

Modalidade Coca. Os dous formatos

1º Premio. Vale de XXX € para gastar no comercio local + Diploma

2º Premio. Vale de XXX € para gastar no comercio local + Diploma

8. O xurado estará composto por unha persoa de cada IES do concello, así como por representantes de asociacións culturais e do Concello. O fallo será inapelable e poderá incluír categorías desertas